

Circular SAMAÍN 16/10/2014

1. O CENTRO

Estimadas familias:

Coa chegada do Magosto e o Samaín queremos pedir de novo a vosa colaboración para adornar o colexio. Este curso, como novidade, imos cambiar as cabazas por **“PORTACASTAÑAS”**.

1.1 PORTACASTAÑAS

Como tamén queremos ser ecolóxicos, estes recipientes faranse con materiais de refugallo que cada familia decorará empregando os materiais que considere oportuno (pintura, papel, adornos, teas, plastilina,...) para facer o “portacastañas” o máis orixinal e vistoso posible. Deberán incluír o nome e o curso do alumno/a. Traeranse ao colexio o **LUNS 27 DE OUTUBRO** e formarán parte da decoración outonal e de Samaín do centro ata o día 30, cando se usarán para a festa.

1.2 15 CASTAÑAS/ALUMNO

Lembrede tamén que dende o **LUNS 27 SE RECOLLERÁN AS CASTAÑAS** para o Magosto (**15 por alumno...con corte!**).

1.3 DISFRACES

Para celebrar o Samaín, **O MESMO DÍA 30**, poderán traer **disfraces** terroríficos.

O éxito da proposta depende da vosa participación, por iso vos pedimos que colaboredes con entusiasmo.



Moitas grazas pola vosa colaboración!!!!

2. ANPA

¡Ven celebrar o SAMAIN no Cole!

30 de Outubro de 17:00 a 20:00 h.

Para disfrutar a tope dun día diferente, dende a **ANPA PENEDOS** queremos animarvos a que participades na Festa do Samain – 2014 o próximo **30 de Outubro de 17:00 a 20:00 h.**

Pasaredes unha xornada máis que divertida con xogos, bailes, merenda e moitas mais sorpresas...

Ninguén pode pasar por alto esta importante cita, así que animádevos a compartir unha xornada ARREPIANTEEEEEEE; por suposto, esperámosvos disfrazados dun personaxe relacionado co Samain (bruxas, vampiros, pantasmas ou calquera cousa que se vos ocorra...)Este ano proponémosvos facer un **concurso de contos** de medo relacionados co samaín, o mellor de todos leerase para todos o día da festa e terá ¡¡¡¡¡premio !!!! Podedes ilos deixando no buzón da Anpa xunto coa inscrición da festa, ¡¡¡¡¡¡Animádemos ímolo pasar de medo!!!!!!

PREZOS:

SOCIOS ANPA 3 EUROS

NON SOCIOS 5 EUROS

IRMÁNS: DOUS 5 EUROS

* O importe abonarase o propio día da festa.



Para poder asistir deberas depositar esta circular no buzón da anpa cos teus datos **ANTES DO VENRES DÍA 24 DE OUTUBRO.**

Nome Curso

para calquera dubida: 666 591 228

IMPORTANTE: DAMOS A BENVIDA A TODOS AQUELES PAIS QUE POIDAN COLABORAR COA ANPA NESTA XORNADA. A COIDADORA DO COMEDOR ESTARÁ DE 16:00 A 17:00 PARA TÓDOLOS NENOS QUE QUEIRAN QUEDAR Ó COMEDOR ESE DIA.